

# CONCELLO DE PONTEVEDRA

## ACTA NUMERO OITO CORRESPONDENTE Á SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E DE ELECCIÓN DE ALCALDE, COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓN LOCAIS DO DÍA 27 DE MAIO DE 2007, CELEBRADA O DÍA 16 DE XUÑO DE 2007.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal deste Concello (habilitada para celebración de sesións plenarias), sendo as doce horas e dous minutos do día dezaseis de xuño de dous mil sete, reúnen, previa convocatoria, a totalidade dos Concelleiros electos (25), proclamados pola Xunta Electoral de Zona, asistidos polo Secretario Xeral do Pleno, D. Julio Dapena Outomuro, que dá fe do acto, coa finalidade de proceder á constitución da nova Corporación e á elección de Alcalde do Concello de Pontevedra, estando presente o Interventor Xeral D. Miguel Ángel Santirso Fernández.

**0 - INFORMACIÓN PREVIA SOBRE O OBXECTO DA SESIÓN, ORDE DO DÍA E NORMATIVA APLICABLE.-** Situados os Concelleiros electos nos asentos asignados, intervén o Secretario Xeral do Pleno para saudar ós presentes e informar sobre o obxecto da sesión, a súa orde do día e a normativa aplicable, nos seguintes termos:

Bos días. Á vista dos resultados das eleccións locais do pasado día 27 de maio, data da celebración das votacións para a renovación da totalidade dos membros da Corporación, convocouse esta sesión constitutiva por imperativo legal, para o día vixésimo posterior, día 16 de xuño, de conformidade co disposto na vixente lexislación electoral, consensuándose a hora cos concelleiros electos que encabezan as tres candidaturas que obtiveron representación.

O procedemento a seguir para a constitución do Concello, abrangue a realización das seguintes operacións, que constitúen a orde do día desta sesión constitutiva:

- 1º - Constitución da Mesa de idade.
- 2º - Acreditación de concelleiros electos.
- 3º - Xuramento ou promesa do cargo de concelleiros.
- 4º - Constitución da Corporación.
- 5º - Elección de Alcalde.
- 6º - Toma de posesión do cargo de Alcalde.

O acto público que se vai a realizar regularase pola lexislación electoral vixente, constituída pola Lei orgánica 5/1985, do Réxime electoral xeral e as súas posteriores modificacións, pola Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local, polo Real decreto lexislativo 781/1986, polo que se aprobou o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, polo Regulamento orgánico do Pleno do Concello, aprobado na sesión plenaria de 21 de decembro de 2005, e polo Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986.

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

**I - CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE.-** Dada conta do contido da acta de proclamación de Concelleiros electos, remitida á Secretaría Xeral do Concello pola Xunta Electoral de Zona, resultaron proclamados os seguintes candidatos:

- Polo Partido Popular :

Don Telmo Martín González.  
Dona Teresa Pedrosa Silva.  
Don Ricardo Alfonso Heliodoro Aguilar Argenti.  
Dona María Guadalupe Murillo Solís.  
Don José Manuel Barragáns Muñiz.  
Don José Manuel Fernández Rodríguez.  
Don José Benito Suárez Costa.  
Dona Begoña Laya Iglesias.  
Don Jacobo Moreira Ferro.  
Dona María Celia Soto Espiña.  
Dona Patricia Aboal Agrelo.  
Don Carlos Riveiro Veiga.

- Polo Bloque Nacionalista Galego:

Don Miguel Anxo Fernández Lores.  
Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo.  
Dona María dos Anxos Riveiro Portela.  
Don Guillerme Vázquez Vázquez.  
Dona María Xesús López Escudeiro.  
Don Raimundo González Carballo.  
Dona María Dolores Dopico Aneiros.

- Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE:

Dona María Teresa Casal García.  
Don Antonio Louro Goyanes.  
Dona Margarita María del Pilar Castejón García.  
Don José Antonio García Lores.  
Dona Celia Alonso Caramés.  
Don José Manuel Valcarcel Riveiro.

Informa o Secretario Xeral do Pleno que vista a documentación acreditativa da personalidade, presentada polos Concelleiros electos, o Concelleiro electo de maior idade resulta ser dona Margarita María del Pilar Castejón García (nada o 15-2-1947) e o de menor idade don Jacobo Moreira Ferro (nado o 7-7-1973), os cales integrarán a Mesa de Idade, actuando como Secretario da mesma don Julio Dapena Outomuro, Secretario Xeral do Pleno.

Formada a Mesa de Idade, a Presidenta da mesma saúda ós Concelleiros electos e ás autoridades e público asistente a esta sesión pública, manifestando que queda constituída a Mesa de Idade concorrendo a totalidade dos Concelleiros electos, polo que declara aberta a sesión pública para a constitución da Corporación do Concello de Pontevedra e a elección do seu Alcalde.

**II - ACREDITACIÓN DOS CONCELLEIROS ELECTOS.-** A indicación da Presidenta da Mesa, o Secretario Xeral do Pleno informa que os Concelleiros electos presentes, que figuran na acta de proclamación da Xunta electoral de zona remitida a este Concello,

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

entregaron con anterioridade, na Secretaría Xeral as súas respectivas credenciais de concelleiros electos, e tamén teñen presentadas as declaracións dos seus bens patrimoniais e de actividades e outras causas de posible incompatibilidade, as cales foron inscritas no libro rexistro de intereses custodiado na Secretaría xeral do Pleno.

Rematada a información a Presidenta da Mesa manifesta: "Acreditada a personalidade dos concelleiros electos presentes, comprobadas as credenciais presentadas e entregadas as declaracións de intereses, ESTA MESA DE IDADE non aprecia causa de incompatibilidade en ningún de eles; non obstante si algún concelleiro electo estivera afectado por algunha das causas de incompatibilidade previstas na lexislación electoral deberá manifestalo neste momento." (pausa).

"Non estando afectado ningún concelleiro electo, a continuación procederase á formalización do xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, polo que invito a todos os concelleiros electos a poñerse en pé e solicito do Sr. Secretario Xeral que proceda a efectuar o chamamento, de forma individualizada, dos concelleiros electos para que presten o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución, dando cumprimento ao establecido no artigo 108-8 da Lei Orgánica do Réxime electoral xeral, comezando polos integrantes da Mesa de Idade e seguindo polos demais segundo a orde establecida na acta de proclamación, remitida pola Xunta Electoral de Zona."

**III - XURAMENTO OU PROMESA DO CARGO DE CONCELLEIROS.-** O Secretario Xeral informa que o xuramento ou promesa de acatamento a Constitución esixido polo artigo 108-8 da Lei 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, prestarase baixo a fórmula establecida no Real Decreto 707/1979 "xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Concelleiro do Concello de Pontevedra, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado", debendo realizalo coa man sobre a constitución; a tal efecto sitúase enriba da mesa presidencial un exemplar da Constitución Española e a formula regulamentaria do xuramento ou promesa en castelán e galego, efectuando en primeiro lugar a Presidenta da Mesa de Idade e logo o vogal aos que o Secretario Xeral do Pleno impón a Medalla Edilicia; os demais concelleiros electos o fan seguindo a orde establecida na acta de proclamación, impoñéndolles a Medalla Edilicia a Presidenta da Mesa.

**IV - CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.-** Rematado o acto de xuramento ou promesa do cargo de Concelleiros, a Presidenta da Mesa toma a palabra e, previa consulta cos outros membros da mesa, manifesta: "Cumpridos os requisitos legais e finalizado o acto de xuramento ou promesa, a Mesa de Idade declara validamente constituída a nova Corporación, resultante das eleccións locais celebradas o pasado día 27 de maio, por canto os comparecentes adquiriron a plena condición de concelleiros, tras o xuramento ou promesa de acatamento á Constitución.

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

De seguido a Presidenta da Mesa de Idade pronuncia as seguintes verbas:

"Para min é unha honra presidir esta Mesa de Idade na sesión constitutiva da nova corporación municipal de Pontevedra. Algunhas concelleiras e algúns concelleiros inician hoxe a súa primeira andaina na vida política, outras e outros levan tempo nel, eu só quero desexar a todas e a todos, ós novos e ós vellos, éxito no traballo que hoxe escomezamos a prol dos veciños e veciñas de Pontevedra que nos encomendaron o bó goberno desta cidade. Que o goberno sexa amable, que a oposición leal e que na corporación reine a armonía. Moitas Grazas e bó traballo a todas e a todos."

**V - ELECCIÓN DE ALCALDE.**- A indicación da presidenta da Mesa, o señor Secretario Xeral do Pleno informa aos Concelleiros sobre o procedemento a seguir para a elección de Alcalde nos seguintes termos: "A continuación vaise a proceder á elección do Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Pontevedra, de conformidade co previsto no artigo 196 do Lei orgánica 5/1985 de Réxime electoral xeral que establece "poden seren candidatos tódolos concelleiros que encabecen as correspondentes listas e se algún deles obtén a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros será proclamado Alcalde electo; se ningún deles obtén a maioría absoluta será proclamado Alcalde o concelleiro que encabece a lista que houbera obtido maior número de votos populares".

De conformidade co establecido no artigo 40 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais a elección do Alcalde rexerese pola disposto no artigo 86.1 da Lei orgánica 5/1985 e neste Concello polo artigo 83-4 do Regulamento orgánico do Pleno, sendo a votación para a elección de Alcalde única, ininterrompida e secreta".

Rematada a precedente información, a Presidenta da Mesa pregunta aos tres Concelleiros que encabezan as listas das tres candidaturas (don Telmo Martín González, don Miguel Anxo Fernández Lores e dona María Teresa Casal García) si presentan a súa candidatura á elección de Alcalde do Concello de Pontevedra, contestando afirmativamente don Telmo Martín González (PP) e don Miguel Anxo Fernández Lores, e renunciando á súa presentación dona María Teresa Casal García; oídas as precedentes respostas a Mesa de idade proclama candidatos ao cargo de Alcalde do Concello de Pontevedra a don Telmo Martín González e a don Miguel Anxo Fernández Lores.

A continuación ábrese unha quenda de intervencións que se iniciará pola cabeceira da candidatura menos votada e rematará pola cabeceira da lista máis votada.

Como cabeceira de lista do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, intervén dona María Teresa Casal García, manifestando:

"Bos días a todas e a todos, é un auténtico honor para min e para os compañeiros que imos encarnar o grupo municipal socialista, comparecer hoxe aquí, con ánimos renovados e refor-

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

zados, grazas á xenerosidade dos electores pontevedreses, para asumir nun novo mandato a defensa dos intereses do noso municipio.

Quixo a casualidade que este acto coincidira no día despois da celebración dos 30 anos de democracia en España. Os que vivimos a negrura da anterior réxime e participamos con entusiasmo iniciático nos primeiros pasos da democracia municipal non deixamos de emocionarnos cunha efeméride de tal fondo contido sentimental polo moito que ten significado para a modernización e a mellora da calidade de vida neste país.

Cada novo mandato supón a despedida de compañeiros e compañeiras, para os que cómpre ter un cariñoso recordo e tamén a calurosa benvida aos que chegan de novo. Permitídemme neste punto unha mención moi sentida e case visceral o meu querido amigo Chano Esperón, home bo e xeneroso (como proclama o himno galego) a quen lle desexo un futuro próspero, robusto e cheo de tódolos éxitos persoais e profesionais que o meu querido Chano merece.

Sei que este que comeza vai ser un mandato complicado, cheo de retos, e como toda labor humana, de acertos e de erros. Espero comezar esta andaina cunha nova maioría de progreso conformada por dúas forzas de esquerdas. Sen embargo, cunha proporcionalidade ben distinta entre os anteriores socios de goberno. De feito, cunha relación practicamente paritaria, que foi o que os votantes mandataron nas urnas.

Nós, os socialistas, entendemos perfectamente a mensaxe e aquí estamos dispostos a arrimar o ombreiro en xusta correspondencia aos resultados das eleccións. Temos un encargo moi claro e moi diáfano das case 10.000 persoas que sintonizaron coas nosas propostas electorais e confiaron en nós transmitíndonos o seu desexo de que asumamos máis responsabilidades. E ese é un encargo sagrado, case podemos dicir que constitucional, que non podemos nin queremos traizoar e neló estamos.

Pero temos tamén o encargo de contribuír a que Pontevedra siga a ter un goberno de esquerdas e estable porque iso é o que queren os nosos votantes, ós que nos debemos. O primeiro, o goberno de esquerdas, garantímolo hoxe aquí, sen ningún xénero de dúbidas co noso apoio. O segundo, o da estabilidade, non depende só de nós. Alá cada quen coas súas decisións e as súas actitudes. A mar é ancha e hai capitáns que prefiren afundir o barco a que alguén se lle acerque ó timón.

Quero concluír falando outra vez de democracia, da que emana da Constitución de 1978 e que se manifesta a través das leis, o costume e os principios xerais do dereito. Pois ben, o noso ordenamento xurídico inclúe, entre outras moitas normas, a Lei Electoral que estes días anda un tanto cuestionada, na miña modesta opinión de xeito moi torpe e interesado, pois non resulta nin bo nin aconsellable nun estado democrático e maduro andar a reclamar cambios electorais en función dos resultados que se produzan en cada momento. Exemplos hai de sobra no mundo do perigoso desas prácticas e deses pensamentos.

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Eu e os meus compañeiros de grupo temos moi claro que as máis de 22.000 persoas que votaron ás dúas forzas de esquerdas que ata o de agora gobernamos xuntas nesta Corporación constituíron unha maioría social clara, diáfana e aritmética.

Todo é mellorable nesta vida e a política non é a excepción. A labor da oposición consiste, precisamente, en procurar con propostas serias e cribles (e a poder ser menos fantásticas que algunhas que temos escoitado recentemente) mellorar a acción do partido ou partidos que gobernan. Mans á obra.

Porque, como dixo Churchill, "a democracia é o peor sistema de goberno deseñado polo home. Con excepción de todos os demais". Moitas grazas a todos, boa sorte tanto aos que xa non están como aos que chegan de novo.

Seguidamente, intervén o cabeza de lista do Bloque Nacionalista Galego don Miguel Anxo Fernández Lores, dicindo:

"Queridos compañeiros e compañeiras de Corporación Autoridades Representantes de entidades e colectivos Antigos concelleiros, amigas e amigos, grazas por estar aquí a todos e a todas.

Antes de nada, ofrecer os meus parabéns aos concelleiros e concelleiras elixidas polos cidadáns para exercer este labor representativo. Non hai maior honra e satisfacción na vida dunha persoa que poder dedicarse á política, e devolverlle á sociedade parte do que ésta nos deu ao longo da nosa vida.

Presento, ante todos vostedes, a miña candidatura para desempeñar o cargo de alcalde de Pontevedra, en representación da maioría social deste Concello, conformada por concelleiros do Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, a quen quero agradecer expresamente a súa confianza, coa seguridade de que compartimos o compromiso de loitar por unha Pontevedra orgullosa de sí mesma, moderna, ilustrada, galega, amábel e dinámica que todos desexamos.

En franca lealdade, e como expresión da maioría social, comprométome ao diálogo constante e a guiarme polo sentido da razón e o compromiso co interese público, atendendo unicamente a incrementar calidade de vida de todos os cidadáns, na máxima extensión destas palabras.

Para eso, expóñolles someramente os puntos cardinais desta candidatura, que responden ás aspiracións da cidadanía, a mellorar a calidade de vida e o posicionamento da capital, en coherencia cos programas das dúas forzas políticas que conforman a maioría.

Mellorar as infraestruturas de mobilidade (rede viaria, transporte público, aparcadoiros); xestionar maiores equipamentos de benestar e igualdade dirixidos especialmente aos sectores de idade, saúde e condición económica máis vulnerábel, fomentar a vivenda de promoción pública, xenerar novos mecanismos de participación cidadá, impulsar a economía xeneradora de emprego a través de todos os mecanismos posíbeis (solo, urbanismo, formación, etc), continuar a inversión e mellora de servizos no rural, impulsar o Plan Xeral de Ordena-

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

ción Municipal, traballar para a recuperación dos espazos marítimo fluviaís deteriorados, mellorar os servizos públicos nos barrios e no resto da cidade, optimizar a xestión municipal e a atención á cidadanía, promover unha cultura participativa baseada na creatividade, a interrelación persoal e a imbricación no territorio, e incrementar os instrumentos de proxección exterior de Pontevedra.

En definitiva, incrementar a calidade de vida e continuar o posicionamento do noso concello como un espazo urbano de altísimo valor humano, territorial e natural.

Pretendemos continuar o camiño para situar Pontevedra como o espazo máis atraínte e interesante das Rías Baixas.

Para eso pídolles o seu voto e póñome á súa disposición. Moitas grazas."

Por último intervén como cabeza de lista do Partido Popular, don Telmo Martín González, manifestando:

"Señoras concelleiras, señores concelleiros, autoridades, pontevedresas e pontevedreses, hoxe comezamos a oitava lexislatura da democracia. Estamos moi orgullosos do apoio que recibimos deses case 20.000 cidadáns de Pontevedra. Desde 1979 nunca unha candidatura obtivera un porcentaxe de voto tan alto, polo tanto, con humildade e con traballo vamos a facer un traballo serio e non a defraudar a todos eses case 20.000 persoas de Pontevedra que nos deron o seu apoio o pasado 27 de maio.

Sr. Lores, o felicito, porque dentro duns minutos vai a ser vostede elixido Alcalde. Deséxolle o mellor como Alcalde, porque iso significará que as cousas irán ben para Pontevedra. Vai a ter vostede, pola parte que nos corresponde, o grupo Popular, todo o apoio deses 100 días que vai a ter sen críticas e de paz que merece calquera goberno, loxicamente.

O seu goberno ten toda a lexitimidade, pero nace falto de autoridade e nace falto de autoridade porque vostedes perderon as eleccións, porque lles sacamos 7.000 votos que significan 5 concelleiros máis e sobre todo porque a coalición que vostedes van a formar perdeu o apoio de máis de 3.200 persoas, pero nos aceptamos plenamente o resultado, e eu non sei se se pode dicir o mesmo de vostedes. Vostede, Sr. Lores, tardou 24 horas en felicitar ao gañador e, a Sra. Casal, que vai pola vida dando leccións, tardou case 48 horas, pero hai comportamentos que retratan ás persoas. Van a ter, como dixen, todo o apoio, pero os antecedentes da coalición non son nada bos. Temos dúbidas, porque o que ocorreu na pasada lexislatura, as cousas non foron moi ben, facíanse vostedes bloqueos dunha parte do goberno á outra, incumpriron vostedes os compromisos que adquiriron, compromisos básicos, con todos os cidadáns de Pontevedra, polo tanto temos moitas dúbidas de que na próxima lexislatura o futuro de Pontevedra vaia por bo camiño. Non sei se vostedes seguirán mareando a perdiz outros catro anos co PXOU ou por si ó contrario planificaremos o futuro de Pontevedra. Temos dúbidas si se fará unha ronda ou unha circunvalación tan

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

necesaria en Pontevedra ou por outro lado nos conformaremos cunha carretera que ven desde Vilagarcía ata Vigo e de paso pasa por Pontevedra. Temos dúbidas si se seguirá coa estratexia radical contra Ence-Elnosa ou, polo contrario, se buscarán mesas de diálogo, puentes de comunicación que nos permitan por un lado recuperar a Ría de Pontevedra e por outro manter os postos de traballo tan necesarios para Pontevedra.

En resúmen, se o seu goberno se conformará con manterse no poder ou ademais será capaz de gobernar, porque gobernar é aportar solucións aos problemas que teñen os pontevedreses. Para gobernar fai falta algo máis que sumar trece concelleiros. Se goberna con humildade, con traballo, con visión de futuro, con capacidade de xestión, pero sobre todo se goberna, Sr. Lores, con sentido común.

Están vostedes, polo que sabemos polos medios de comunicación, a punto de facer outro pacto para manterse no poder, polo tanto están vostedes a facer un matrimonio de conveniencia, e todo o mundo sabe como terminan, ao longo do tempo, os matrimonios de conveniencia.

Están vostedes a facer un pacto que van presumindo que é de progreso pero eu creo que é un pacto de pasado. Miren, progreso é o do alcalde socialista de Parla, unha cidade do extraradio madrileño, que nestes momentos está estrenando o metro lixeiro, e esta cidade pouquiños máis habitantes ten que Pontevedra. En Pontevedra, e parece ser que gusta, todavía neste momento, é triste pero non temos nin tan sequera autobús urbano. E en definitiva, utilizando a mesma frase que utiliza un candidato socialista, o de Canarias, están vostedes a facer un pacto de perdedores, que o que importa é aferrarse ao poder, non importan os cidadáns, o importante é contentar aos partidos e senón teñen vostedes a oportunidade de demostrarnos o contrario. Espero que teñan a intelixencia política para recoller parte das propostas que levamos nós a estas eleccións, propostas que, por certo, están avaladas por case 20.000 pontevedreses, e son propostas moi sencillas, como é modernizar o concello, como é saldar dunha vez por todas a débeda co rural e os barrios, como é recuperar a fachada marítimo-fluvial, tan necesario e importante para o futuro de Pontevedra, propostas de solucionar o problema que teñen máis do 48% dos pontevedreses, ou que temos, que é o tráfico, espero que o solucionen, e deben vostedes, dunha vez por todas, despertar economicamente a Pontevedra, e chámennlle vostedes como queiran, non nos importa que non lle queiran chamar cidade económica, non nos importa que sexa no Burgo, pero fagan algo porque os pobos avanzan cando a economía funciona, e se funciona a economía vai a haber servizos para todos e é o que debemos facer desde as administracións locais.

Non quero acabar a miña intervención, Sr. Lores, sen ofrecelle todo o apoio dos concelleiros do Partido Popular, iso si, apoio para modernizar Pontevedra, para impulsar a súa economía e sobre todo facer un fronte común para reclamarlle ás

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

administracións, tanto do Estado como da Xunta, os proxectos e as inversións tan necesarias que necesita Pontevedra, como é o caso da circunvalación. Non é o mesmo chegar a calquera porta de calquera administración a pedir coa metade dos votantes de Pontevedra que chegar co 100% dos votantes para conseguir para todos o que queremos para Pontevedra.

Exerceremos unha oposición con responsabilidade, antepoñendo o interese xeral ao partidismo. En definitiva, seremos leais a Pontevedra e seremos leais aplicando máis sentido común que ideoloxía. Moitas Gracias."

Seguidamente a Presidenta da Mesa anuncia que se vai a proceder a efectuar a votación seguindo a orde en que vaia chamando o Secretario Xeral para que depositen o seu voto na urna.

A continuación colócase unha urna branca na Presidencia da Mesa de Idade e entrégaselle a cada Concelleiro dúas papeletas, unha por cada candidato proclamado, para que realicen a votación metendo nun sobre a papeleta elixida para a súa introdución na urna habilitada ao efecto.

Seguidamente o Secretario Xeral informa aos concelleiros electores que será nulo que será nulo o voto emitido en papeleta diferente do modelo que se entrega, así como o emitido en papeleta sen sobre, ou cando o sobre conteña máis dunha papeleta de distinta candidatura; tamén serán nulos os votos emitidos en papeletas modificadas ou nas que se produza calquera tipo de alteración. A continuación, procede ao chamamento da totalidade dos Concelleiros seguindo a orde das candidaturas máis votadas para que emitan o seu voto, sendo os últimos en votar o vocal e a Presidenta da Mesa de Idade; a totalidade dos vinte e cinco Concelleiros exerceron o seu dereito, introducindo o seu voto na urna en presenza da Mesa de Idade.

Rematada a votación dos vinte e cinco Concelleiros, a Presidenta da Mesa vai sacando da urna os votos emitidos, que son comprobados polo vocal e polo Secretario, tomando nota do sentido de cada voto.

Realizado o escrutinio dos votos emitidos, o Secretario da Mesa da lectura ó resultado da votación, que foi o seguinte:

- Votos a favor de candidatos proclamados:
  - Don Telmo Martín González ..... 12
  - Don Miguel Anxo Fernández Lores ..... 13
- Votos en branco ..... 0
- Abstencións ..... 0
- Votos nulos ..... 0
- Total votos emitidos ..... 25

Rematada a lectura do resultado da votación realizada e previa conformidade da Mesa de Idade, a Presidenta da mesma declara: "Visto o resultado da votación, a Mesa presidencial proclama Alcalde do Concello de Pontevedra ao candidato da lista electoral do Bloque Nacionalista Galego, don Miguel Anxo Fer-

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

nández Lores, por obter a maioría absoluta legal dos votos dos concelleiros que integran esta Corporación”.

**VI - POSESIÓN DO CARGO DE ALCALDE.-** Proclamado Alcalde don Miguel Anxo Fernández Lores, a Presidenta da Mesa preguntalle se acepta o cargo, contestando afirmativamente, polo que o invita a que se acerque á Mesa de Idade para proceder ó xuramento ou promesa de acatamento á Constitución como requisito previo á súa toma de posesión do cargo de Alcalde.

A continuación o Alcalde proclamado, don Miguel Anxo Fernández Lores, da lectura á fórmula de promesa nos seguintes termos: “Prometo pola miña conciencia e honor cumprir con fidelidade as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Pontevedra, con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

De seguido, a Presidenta da Mesa declara: “Cumprimentada a promesa de acatamento á Constitución, queda vostede posesionado do cargo de Alcalde do Concello de Pontevedra, polo que lle corresponde asumir a Presidencia desta sesión constitutiva; en consecuencia entrégolle o bastón de mando como símbolo das atribucións propias do cargo.”

Neste intre os membros da Mesa abandonan a presidencia e pasan a ocupar os seus respectivos escanos, asumindo a Presidencia da Corporación o Alcalde elixido, quen realiza a seguinte intervención:

“Queridos compañeiros e compañeiras de Corporación Autoridades e representacións, amigas e amigos todos, bos días de novo. Vimos de asistir a unha votación que completa o proceso de elección de alcalde iniciado coas votacións do pasado día 27 de maio. Unha cita que expresou claramente a composición deste Concello perfecto reflexo do diálogo democrático de maiorías e minorías no que se funda o noso sistema representativo.

Antes de nada permítanme agradecer publicamente a grande mostra de confianza que os concelleiros e concelleiras socialistas depositaron nesta elección de alcalde, sen dúbida motivados polo seu afán construtivo de contribuír de xeito maduro e decidido á gobernación municipal.

Así chegamos a este acto coa grandísima satisfacción que produce a normalidade institucional, o limpo exercizo da responsabilidade civil e a ledicia de ver aquí constituída a expresión da vontade popular.

O diálogo entre as dúas forzas políticas que conforman a maioría social deste Pleno e o sentido da responsabilidade, darán lugar sen dúbida aos necesarios acordos para garantir unha sólida gobernanza.

Iniciamos hoxe unha nova etapa, ilusionante e comprometida, chea de retos que podemos encarar en condicións óptimas. Pola saúde económica do noso Concello, pola fortaleza das ideas, polo coñecemento das nosas potencialidades, pola experiencia acumulada, polos compromisos en marcha das outras administracións...

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

Unha acción política que permita a esta cidade acadar metas cada vez máis ambiciosas, completar os pasos que xuntos demos nos últimos anos e reforzar esa magna tarefa de posicionar Pontevedra nos estándares de calidade e benestar dun mundo cada vez máis competitivo, máis atento ás pequenas cousas, pero sen esquecer a impresionante carreira tecnolóxica, os retos que nos plantexan os acuciantes debates ambientais, a nova cultura da mobilidade, as sempre interesantes sinerxias entre o mundo laboral, a Universidade e a investigación, o valor engadido que podemos tirar dos nosos bens patrimoniais, tanto naturais como arquitectónicos, o desenvolvemento imparábel da gran rede social de apoio á igualdade e ao benestar das persoas, sen dúbida unha das prioridades da nosa sociedade.

Saben todos vostedes que, lonxe de chauvinismos trasnoitados e de caducados soños de grandeza, Pontevedra é unha palabra cada vez máis nidia nos mapas do país.

Estamos mellor situados que nunca para dar un transcendente salto cualitativo no que, ademais de destacar pola nosa venerábel historia e o noso amigábel carácter de boa vila aberta e ilustrada, brilemos con luz propia no mundo das cidades, con referencias contemporáneas, vangardistas e ambiciosas que nos conduzan a ocupar o noso propio lugar como espazo residencial, económico e creativo de altísimo nivel de calidade.

Non nos conformamos con seguir sendo unha simple capital de provincia, anclada nalgún episodio glorioso do noso pasado. Temos que camiñar con seguridade, valentía e audacia no cambiante mundo tecnolóxico, na sociedade do coñecemento, do valor da creatividade, no mundo da comunicación horizontal, da participación, da terciarización da economía, da industria cultural, das alternativas, das oportunidades e as ambicións.

Queremos ser un poderoso motor para a Galiza máis dinámica, un símbolo para o resto do país, cunha visión urbana capaz de xenerar novas ilusións, de acometer novos percorridos, unha cidade unida polo benestar dos seus veciños e veciñas, polo seu afán de superación, polo seu progreso decidido, pola súa imaxe actualizada. Temos materia prima de sobra, pero necesitamos as revitalizantes enerxías de todas e todos para ir colleccionando méritos e demostrando que podemos estar entre os primeiros.

Intentaremos, en definitiva, que os nosos renovados folgos teñan un reflexo no corazón de cada cidadán, que latexe por Pontevedra ao mesmo ritmo que o do seu Concello. Sabemos que cada persoa é un mundo, pero tamén que todos temos a misión común de implicarnos no desenvolvemento activo da capital, as persoas satisfeitas e orgullosas de vivir aquí, as empresas seguras da Pontevedra que progresa, os cidadáns do noso contorno que ven a Boa Vila o seu punto de referencia urbana, e as institucións públicas provinciais, nacionais e estatais das que nos podamos sentir completamente satisfeitos.

Queremos, sobre todo, establecer novas canles de colaboración entre os membros do movemento veciñal, das entidades so-

## **CONCELLO DE PONTEVEDRA**

ciais, ecoloxistas, culturais, deportivas, de ocio, colectivos empresariais, sindicais, profesionais, etc, no camiño de tender máis frecuentes e sólidas plataformas de participación e debate, pois do intercambio de perspectivas deben nacer ideas máis atinadas.

Tamén agardamos que a oposición contribúa coa súa acción institucional ao progreso do municipio. Gobernaremos mellor, estaremos máis estimulados e atinados nas decisións, contando coa vosa actitude crítica e construtiva e agardo que sexa máis alá dos 100 días que dixo o señor Martín.

Non quero despedirme sen agradecer a súa dedicación a todas e todos os funcionarios públicos e resto de persoal municipal, os empregados de empresas concesionarias e provedoras de servizos ou obras, porque eles son parte do gran activo humano que está facendo posíbel esta gran realidade chamada Pontevedra.

As cidades son complexos organismos sempre vivos, incesantes, incompletos, en constante evolución e nas que todos, as institucións, a sociedade, as empresas, as familias, as persoas, temos a misión de melloralas cada día. Facéndoo así, estamos mellorándonos a nós mesmos, elevando a nosa categoría humana e contribuindo a un mundo máis xusto e solidario.

O noso desexo é que os catro anos que temos por diante sexan un tempo gañado, positivo, rendíbel, para unha Pontevedra máis segura de si mesma, máis atractiva, sempre viva e con enerxías renovadas.

Quedo de novo á vosa disposición como alcalde. Moitas grazas a todos e todas."

**VII - INFORMACIÓN SOBRE A FIRMA DO ARQUEO, SITUACIÓN DO INVENTARIO DO PATRIMONIO E ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN.-** Concluída a súa intervención o señor Alcalde-Presidente do Concello de Pontevedra informa aos señores Concelleiros sobre o arqueo, patrimonio e organización da nova Corporación nos seguintes termos:

A) ARQUEO. Rematada esta sesión procederáse á firma dun arqueo extraordinario, xunto co señor Interventor, señora Titular do Órgano de Tesoureira e Xestión Tributaria, (de conformidade co establecido no artigo 36-2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais) e señora titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade.

B) PATRIMONIO. A documentación relativa á situación do Inventario do Patrimonio da Corporación atopase no Servizo de Contratación e Patrimonio, onde poderá ser consultada para a súa comprobación.

C) ORGANIZACIÓN DA CORPORACIÓN. Debo informar a tódolos concelleiros que dentro do prazo máximo de trinta días, deberá ter lugar unha sesión extraordinaria ó obxecto de resolver os seguintes puntos, de conformidade co sinalado no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:

## CONCELLO DE PONTEVEDRA

- a) Periodicidade das sesións do Pleno.
- b) Creación e composición das Comisións do Pleno.
- c) Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno.
- d) Dar conta do nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.
- e) Dar conta do nomeamento de Tenentes de Alcalde.
- f) Dar conta das delegacións conferidas pola Alcaldía.
- g) Dar conta da constitución dos grupos municipais, os cales deberán comunicalo ó Alcalde, mediante escrito asinado por tódolos seus integrantes, no que constará a designación do portavoz do grupo e suplente, no prazo de cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

Antes de rematar a sesión procédese á interpretación do himno galego por parte dun gaitreiro.

E non sendo outro o obxecto desta sesión constitutiva, o señor Alcalde Presidente da por rematado o acto, ordenando o levantamento da sesión, ás trece horas e dezoito minutos, de todo o cal esténdese a precedente acta, dando fe o Secretario Xeral do Pleno co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde.

Visto e prace.  
O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.